

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/20	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de xuño de 2021
Duración	Dende as 12:08 ata as 12:20 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 22.06.2021)

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 17.06.2021**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 17 de xuño de 2021.

Expediente 1078/2021. Contratacións - PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO OBRA - EFICIENCIA ENERXÉTICA CAMPO DE FUTBOL DE LARO**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a resolución de concesión de subvención concedida pola Dirección Xeral de Administración Local por importe de 28.913,85 euros ao abeiro e de conformidade co establecido na Orde de 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 15, do 25 de xaneiro). Liña en concorrencia non competitiva (artigo 3.1,a).

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro agrónomo DAVID CERDEIRA CANICOPA denominado: "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE FÚTBOL DE LARO" por importe de 39.699,24 euros máis 8.336,84 euros de IVE (total 48.036,08 euros). Aprobado por Decreto de Alcaldía nº 495, de data 22/06/2021 e incorporado a este expediente xunto coa acta de replánteo previo

Vista a autorización da Xunta de Galicia, Consellería Medio Rural, Xefatura Territorial de Pontevedra, de data 18/06/2021.

Visto o prego de cláusulas administrativas asinado polo Sr. Alcalde-Presidente en data 21/06/2021.

Visto o informe nº 59/2021, de 18 de xuño, de fiscalización do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas da Secretaría da Corporación da mesma data.

Visto o informe de fiscalización da Intervención da Corporación ao procedemento de contratación de data 22 de xuño de 2021.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, acorda:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria, do contrato de execución da obra denominado "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE FÚTBOL DE LARO" por importe de 39.699,24 € máis 8.336,84 € de IVE (total 48.036,08 euros).

Segundo.- Aprobado o gasto por importe de 48.036,08 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 341 / 632 / 01, do Orzamento de gastos do Concello para o 2021.

Terceiro.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación

electrónica do presente contrato por procedemento aberto simplificado abreviado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no perfil do contratante do Concello de Silleda, para que no prazo de 10 días hábiles se presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE